# Módulo 4.- Cualificación avanzada de tarefas e probas.

## Cualificación avanzada

Os **métodos de cualificación avanzada** de Moodle, **rúbricas e guías de corrección**, describen as características específicas dun producto, proxecto ou tarefa en varios niveis de rendimento, cós **obxectivos**:

1. Detallar o que se espera do traballo do alumnado
2. Facilitar a autoavaliación por parte do alumnado
3. Obxectivizar o proceso de avaliación para o profesorado
4. Facilitar o feedback

Para **empregar estes métodos**:




Licenza: Dominio público

### Comparación rúbrica e guía de corrección.

A guía de corrección, ao igual que a rúbrica, é un método de cualificación avanzada pero, persoalmente, atopo nela un gran inconveniente. Metres na rúbrica o alumno ve os niveis de logro de cada criterio de cualificación cós seus pesos, na guía só ve os criterios de cualificación e o peso total de cada un deles.

Esta é a rúbrica empregada na tarefa 4. Xestionar contidos con exeLearning

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Paquete de contidos exeLearning** | Non ten contido *0 puntos* | Ten unha soa páxina de contido ou o seu contido non é coherente có curso *1 puntos* | Ten contido coherente có curso e máis dunha páxina *3 puntos* | |
| **Publicación do paquete como sitio web incrustado** | O paquete non foi engadido *0 puntos* | O paquete foi engadido pero non está no formato solicitado *1 puntos* | O paquete foi engadido no formato solicitado pero mal configurado *2 puntos* | O paquete foi engadido correctamente no formato solicitado *4 puntos* |
| **Configurar completado do recurso** | Non foi configurado o completado do recurso *0 puntos* | Fíxose unha configuración non condicionada *1 puntos* | Fíxose unha configuración condicionada correcta *3 puntos* | |

Esta é a guía de correcció

| |
|---|
| **Crear actividades**<br>Crear 3 actividade de dife<br>**Corrección máxima**<br>2 |
| **Configurar actividades**<br>Configurar para cada acti<br>**Corrección máxima**<br>10 |
| **Configuración actividad**<br>Configura, como mínimo,<br>**Corrección máxima**<br>3 |

Licenza: Dominio público

Obviamente, pérdese en transparencia e no proceso de autoavaliación ao agochar os niveis de logro. **Solución**: por a mesma descripción para o alumnado que para os correctores. Na rúbrica non distingue entre correctores e alumnado.

# Rúbrica

Para **crear unha rúbrica**:

1. **Enumeramos os obxectivos** da tarefa, que serán os criterios de cualificación da rúbrica, e o seu peso dentro dela.
2. **Identificamos os niveis de logro de cada obxectivo** e asinámoslles un peso dentro do obxectivo.

Unha vez identificados criterios e os seus niveis, creamos a rúbrica:

- **Escollemos** se crear unha nova ou partir dunha xa feita e gardada como plantilla:




Licenza: Dominio público

- A continuación, enchemos a rúbrica cós **criterios de cualificación e os seus niveis** que indican o grao de consecución dese criterio.




[Licenza: Dominio público]

- Finalmente, configuramos algunhas **opcións de formato e gardamos:**




Licenza: Dominio público

**Cualificamos a tarefa coa rúbrica, marcando o nivel de logro de cada obxectivo** facendo clic sobre el. Moodle marca cunha **cor de fondo o nivel de logro escollido** en cada criterio:



## Cualificación

**Cualificación:** Pódese empregar para as tarefas que teñan parámetros de configuración predefinidos.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Formato** | Por defecto *0 puntos* | | Formato de temas *2 puntos* | | |
| **Apariencia** | Non amosa as calificacións *0 puntos* | | Amosa as calificacións *2 puntos* | | |
| **Seguimento completado de tarefas** | Non activado *0 puntos* | | Activado *2 puntos* | | |
| **Completado de cursos** | Algunhas condición *0 puntos* | Todas as condicións pero estas sen configurar *1 puntos* | Todas as condicións pero só algunhas configuradas *2 puntos* | Todas as condicións e configuradas: tarefa, data, cualificación do curso *3 puntos* | Faltaría engadir tarefas para poder incluídas |
| **Grupos** | Sen grupos *0 puntos* | | Con grupos *1 puntos* | | |

**Cualificación actual no libro de cualificacións** 9,00

**Cualificando ao alumno** 9 dun total de 14

- Marcamos o nivel de logro facendo clic sobre el
- Podemos por un comentario por criterio
- E facer un comentario xeral

## Comentarios

Parágrafo

Ola Belén,

Moi boa tarefa!! Faltaría incluir no completado do curso as tarefas que son obrigadas para considerar superado o curso.

Faremos esa tarefa máis adiante, e cando actualices a configuración de completado do curso, tamén eu actualizarei esta nota a un dez!

Segue así!

saúdos,

May

A nota da tarefa a calcula automáticamente Moodle sumando os pesos dos niveis de logro escollidos en cada criterio de cualificación.

Ruta: p

**Notificar aos alumnos** Si

Gardar os cambios | Gardar e amosar o seguinte | Cancelar

Licenza: Dominio público

# Guía de corrección

Para **crear unha guía de corrección**:

1. **Enumeramos os obxectivos** da tarefa, que serán os criterios de cualificación da rúbrica, e o seu peso dentro dela.
2. **Identificamos os niveis de logro de cada obxectivo** e asinámoslles un peso dentro do obxectivo.

Unha vez identificados criterios e os seus niveis, creamos a guía de corrección:

- **Escollemos** se crear unha nova ou partir dunha xa feita e gardada como plantilla:




Licenza: Dominio público

- A continuación, enchemos a guía de corrección cós **criterios de cualificación, a descripción para o alumnado e para os correctores** cós pesos da cualificación**. Para que o alumnado vexa os niveis de logro** hai que incluilos na descripción para o alumnado. *A información para correctores só a verá o corrector da tarefa, non o alumnado.*




[Licenza: Dominio público]

# Modelo/Plantilla de cualificación

Á hora de escoller unha rúbrica ou unha guía de corrección **podemos empregar unha plantilla xa feita**.




[Licenza: Dominio público](#)

**Empregar un modelo.**

Ao premer sobre "**Crear un novo formulario de cualificación a partir dun modelo**", Moodle amosará todas aquelas **rúbricas que teñan sido compartidas**:



## Tema 1 - Corrección do boletín 4 Modelo compartido

### Puntuación das regras de asignación de cualificación

A puntuación mínima posíbel para esta rúbrica é **0 puntos** e converteranse na cualificación mínima dispoñíbel neste módulo (que é cero a non ser que se empregue a escala. A puntuación máxima **6 puntos** converterase na cualificación máxima.
As puntuacións intermedias converteranse respectivamente e redondearanse a cualificación máis próxima dispoñíbel.
De empregarse unha escala no canto dunha cualificación, a puntuación converterase á escala dos elementos como se fosen números enteiros consecutivos.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Exercicio 1** | Deficiente *0 puntos* | Algo ben *0.75 puntos* | Ben *1.5 puntos* | Moi ben *3 puntos* |
| **Exercicio 2.a** | Deficiente *0 puntos* | Algo ben *0.5 puntos* | Ben *0.75 puntos* | Moi ben *1 puntos* |
| **Exercicio 2.b** | Deficiente *0 puntos* | Algo ben *0.5 puntos* | Ben *0.75 puntos* | Moi ben *1 puntos* |
| **Exercicio 2.c** | Deficiente *0 puntos* | Algo ben *0.5 puntos* | Ben *0.75 puntos* | Moi ben *1 puntos* |

**Opcións da rúbrica**

Criterio de ordenación para os niveis: **Ascendente por número de puntos**

- [ ] Permitirlle aos usuarios obter unha vista previa da rúbrica empregada no módulo (do contrario a rúbrica só será visíbel despois da cualificación)
- [x] Presenta a descrición da rúbrica durante a avaliación
- [x] Presenta a descrición da rúbrica aos que están a seren cualificados
- [x] Presenta os puntos para cada nivel durante a avaliación
- [x] Presenta os puntos para cada nivel aos que están a seren cualificados
- [x] Permitirlle ao corrector engadir novas correccións para cada criterio
- [x] Amosar as novas correccións aos que están a seren cualificados

Empregar este modelo
Eliminar



[Licenza: Dominio público]

**Crear un modelo.**

**Cando gardamos unha rúbrica ou accedemos á edición dunha guía de corrección**, temos a posibilidade de gardala como modelo no sitio. Así, a posteriori, ese modelo pode servir de base para crear unha nova rúbrica ou guía de corrección:



NAVEGACIÓN

ADMINISTRACIÓN

- Administración de tarefas
  - Editar a configuración
  - Roles asignados localmente
  - Permisos
  - Comprobar permisos
  - Filtros
  - Rexistros
  - Copia de seguranza
  - Restaurar
  - Cualificación avanzada
    - Definir rúbrica
  - Ver o libro de cualificacións
  - Ver/cualificar todas as entregas
  - Descargar todas as entregas
- Administración do curso
- Mudar o papel para...
- Configuración do meu perfil
- Administración do sitio

Buscar

ENGADIR UN BLOQUE

Engadir...

# Cualificación avanzada: Práctica 5 - Sistemas de alimentación ininterrompida (Entregas)

Cambiar o método activo de cualificación a Rúbrica

Editar a definición do formulario actual | Eliminar o formulario definido actualmente | Publicar o formulario como un modelo novo

Prememos para gardar como modelo

## Rúbrica para prácticas Listo para empregar

Rúbrica para prácticas

### Puntuación das regras de asignación de cualificación

A puntuación mínima posíbel para esta rúbrica é **0 puntos** e converteranse na cualificación mínima dispoñíbel neste módulo (que é cero a non ser que se empregue a escala. A puntuación máxima **8 puntos** converterase na cualificación máxima.
As puntuacións intermedias converteranse respectivamente e redondearanse a cualificación máis próxima dispoñíbel.
De empregarse unha escala no canto dunha cualificación, a puntuación converterase á escala dos elementos como se fosen números enteiros consecutivos.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Escoller SAI.** | Non emprega criterios de escolla *0 puntos* | Ten en conta conectores *1 puntos* | Ten en conta conectores e fai o cálculo da potencia básica *2 puntos* | Ten en conta conectores e fai o cálculo da potencia con marxe *3 puntos* | Ten en conta conectores e fai o cálculo da potencia con marxe e da autonomía en base ao consumo *4 puntos* |
| **Autonomía** | Non manexa a documentación nin a rede *0 puntos* | Fai moitas preguntas *1 puntos* | Resolve de cando en vez *2 puntos* | Fai poucas preguntas e resolve de cando en vez *3 puntos* | Pregunta puntualmente e resolve a miúdo *4 puntos* |

### Opcións da rúbrica

Criterio de ordenación para os niveis: **Ascendente por número de puntos**

- Permitirlle aos usuarios obter unha vista previa da rúbrica empregada no módulo (do contrario a rúbrica só será visíbel despois da cualificación)
- Presenta a descrición da rúbrica durante a avaliación
- Presenta a descrición da rúbrica aos que están a seren cualificados
- Presenta os puntos para cada nivel durante a avaliación
- Presenta os puntos para cada nivel aos que están a seren cualificados
- Permitirlle ao corrector engadir novas correccións para cada criterio
- Amosar as novas correccións aos que están a seren cualificados

Licenza: Dominio público

# Recualificar un test

Ás veces detectamos un **erro nunha pregunta dun test**. Sendo algo moi habitual cando manexamos moitas preguntas, **Moodle  permite modificar, a posteriori de realizar a proba, as preguntas e recualificar as probas** realizadas.

Para recualificar:

1. **Detectamos e correximos a pregunta que contén o erro**.
2. Imos á pantalla de configuración da proba e accedemos a Resultado/Cualificación. Ahí teremos a opción de **recualificar**.




[Licenza: Dominio público](#)

Licenciado baixo a Licenza Creative Commons Recoñecemento Compartir igual 4.0